



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Actualización aprobada polo Claustro do 22-12-2022

Actualización aprobada por CCP 21-12-2022

Índice

1. DATOS DO CENTRO	4
2. MARCO NORMATIVO	4
3. ASPECTOS XERAIS	6
3.1 Ubicación e historia do centro	6
3.2 Contorno sociocultural	6
3.3 Centro adscrito	7
3.4 Sinais de identidade	8
3.4.1 Oferta educativa	8
3.4.2 Itinerarios educativos da ESO e Bacharelato	9
3.4.3 Organización do centro	11
3.4.4 Recursos e instalacións	12
4. Concreción curricular	13
4.1 ASPECTOS XERAIS	13
4.1.1 VALORES, PRINCIPIOS E FINS	13
4.1.1.1 Finalidades de cada etapa educativa	13
4.1.1.2 Pluralismo e valores democráticos	14
4.1.1.3 Lingua	14
4.1.1.4 Modalidade de xestión institucional	14
4.2 OBXECTIVOS XERAIS	15
4.3 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO	15
4.4 CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS	20
4.5 CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS	22
4.6 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA	23
4.7 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	25
4.8 CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE	25
4.9 CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26
4.10 CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	29
4.11 CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO	29
4.12 CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN	29
4.12.1 ESO e Bacharelato	29



4.12.2	Criterios de titulación para Ciclos Formativos	31
4.12.3	Criterios de titulación Formación Profesional Básica	31
4.13	CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA	31
4.14	CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS, E MODELO DE PROGRAMACIÓN E DE RESUMO PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS	33
4.15	CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS	35
4.16	PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.....	36
5.	Organización do centro	36



1. DATOS DO CENTRO

ENDEREZO	TELÉFONO	FAX
<ul style="list-style-type: none"> Avda. Arteixo nº 128 15007 A Coruña 	<ul style="list-style-type: none"> 881 960 715 	<ul style="list-style-type: none"> 881 960 724
CÓDIGO DE CENTRO	CORREO ELECTRÓNICO	
<ul style="list-style-type: none"> 15005269 	<ul style="list-style-type: none"> ies.urbano.lugris@edu.xunta.es 	
PÁXINA WEB	PRINCIPAIS REDES:	
<ul style="list-style-type: none"> www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/ 	<ul style="list-style-type: none"> Twitter: @IESUrbanoLugris Instagram: @furbanolugriscoruna, @igualdadelugris Algúns blogs: <ul style="list-style-type: none"> https://lugriscientia.blogspot.com/ https://iesurbanolugrisacoruna.blogspot.com/ https://lugrisengalego.blogspot.com/ http://lerunmardecontos.blogspot.com/ http://mantementolugris.blogspot.com/ 	

2. MARCO NORMATIVO

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2005 do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88).
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensinanza Secundaria.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4/5/2006).
- Orde do 1 de agosto de 1997. Puntos do 2 ao 9.
- Capítulo IV do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 9/8/1996, modificado pola corrección de erros publicada no DOG 30/8/1996 e polos decretos 120/1998 e 7/1999).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.



- ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H)
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2005 do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- ORDE do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023.
- Orde ECD/2159/2014, de 7 de novembro, pola que se establecen convalidacións entre módulos profesionais de formación profesional do Sistema Educativo Español e medidas para a súa aplicación e modifícase a Orde de 20 de decembro de 2001, pola que se determinan convalidacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. TEXTO CONSOLIDADO Última modificación: 2 de novembro de 2017.
- ORDE do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- ORDE do 6 de xuño de 2016 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.
- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e establécense as bases da formación profesional dual.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 16 de xullo de 2002 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Real Decreto 127/2014, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, apróbanse catorce títulos profesionais básicos, fíxanse os seus currículos básicos e modifícase o Real Decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

OUTRA NORMATIVA A TER EN CONTA

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

3. ASPECTOS XERAIS

3.1 Ubicación e historia do centro

O edificio foi construído no ano 1967, aínda que non foi entregado ata o ano 1975. No curso escolar 1975/76 o centro comeza a funcionar co nome de Instituto Politécnico Nacional de La Coruña, cunha matrícula de 1.099 alumnos e impartindo as especialidades de Formación Profesional de Automoción, Electricidade, Electrónica, Madeira e Metal. En 1977 e a petición do Claustro de Profesorado, a Dirección Xeral de Ensinanzas Medias del Ministerio de Educación e Ciencia, aproba a nova denominación do centro: Instituto Politécnico Nacional "Diego Delicado Maraño".

No ano 1998, tanto o Claustro de Profesorado como o Consello Escolar, aproban por maioría render unha pequena homenaxe ao pintor coruñés Urbano Lugo, sendo a denominación actual: Instituto de Educación Secundaria Urbano Lugo.

O IES Urbano Lugo está situado no número 128 da Avenida de Arteixo da Coruña. A entrada posterior do centro esta na rúa Pintor Urbano Lugo, no Polígono Industrial da Grela. Os alumnos que asisten ao noso centro a cursar ESO ou Bacharelato chegan do distrito Sagrada Familia-Os Mallos. O barrio dos Mallos inclúe os Mallos, Sardiñeira, Sagrada Familia, Vioño e Estación. É un dos barrios con máis poboación da cidade, de feito habitan nel o 15% da poboación coruñesa. Está situado nunha das entradas de A Coruña e rodeado polo Polígono Industrial de A Grela e a estación de Ferrocarril. A maior parte das casas foron construídas entre os anos 50 e 70, pero na actualidade construíronse novas urbanizacións.

3.2 Contorno sociocultural

Nos anos oitenta foi un barrio con moitos problemas de drogas e delincuencia e moi pobre a nivel social, económico e cultural, pero na actualidade vai avanzando moito en todos estes aspectos, debido fundamentalmente á construción destas novas vivendas, e á atención que vai poñendo o concello nel para favorecer o seu desenrolo, de feito moitas vivendas do barrio da Sagrada Familia estiveron ou están aínda inmersas nun plan de rehabilitación levado a cabo polo concello. A recuperación desta zona afecta non so aos inmobles senón tamén ao entorno dotado nos últimos tempos de zoas verdes, aparcadoiros, o Centro Cívico ou o novo Centro de Saúde.



A meirande parte da poboación desta parte da cidade é obreira e nos últimos tempos achegouse a esta zona da cidade moito inmigrante, de feito o barrio é o de máis poboación inmigrante da cidade. Isto fai que entre os nosos alumnos haxa bastantes de orixe estranxeiro, principalmente de nacionalidades suramericanas. Nalgúns cursos da ESO a porcentaxe é de ata un 30%, sendo menor a súa incidencia nos ciclos de Formación Profesional, aínda que con carácter crecente nos últimos anos.

Por parte dos compañeiros e compañeiras non se dan problemas de rexeitamento, pero é normal que teñan algunha dificultade para integrarse nos hábitos e costumes do resto do alumnado, así como a integración na realidade académica que faise moi complicada.

Os alumnos e alumnas que cursan a ESO proceden maioritariamente do centro adscrito de Educación Infantil e Primaria "Sagrada Familia" e no caso da educación post obrigatoria proceden ademais do resto da cidade e no caso dalgúns Ciclos Formativos doutros lugares da Comunidade Autónoma, dada a especificidade dalgúns ciclos que oferta o centro.

3.3 Centro adscrito

O IES Urbano Lugrís ten un centro de primaria adscrito, o CEIP Sagrada Familia. A relación co centro adscrito é bastante fluída, procurando establecer xuntanzas ao longo do curso:

No mes de febreiro, antes de empezar o prazo de reserva de praza, faise unha xornada de portas abertas ás familias do alumnado de 6º de Primaria do centro adscrito. Nesta xornada se lles dá información acerca do instituto (ensinanzas que oferta, normas de organización e funcionamento, servizos complementarios, etc) e tamén se lles fai un percorrido polas instalacións do centro.

CENTRO DE REFERENCIA A NIVEL ADMINISTRATIVO
CENTROS DE REFERENCIA ACTUAIS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IES ROSALÍA MERA de A Coruña ▪ CENTRO DE FORMACIÓN Y EXPERIMENTACIÓN AGRARIA DE GUÍSAMO
CENTROS DE REFERENCIA ANOS ANTIGUOS E NON NA ACTUALIDADE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Centro de Formación Agraria PIÑEIRAL ▪ Centro de Formación Profesional Agraria RUS CARBALLO ▪ Centro SANTIAGO APÓSTOL de Las Jubias ▪ Empresa Nacional SANTA BÁRBARA ▪ COLEGIO AZORÍN ▪ Escuela Familiar Agraria LA CARBALLEIRA ▪ Centro de Capacitación Agraria TEIJEIRO ▪ Centro de Formación Agraria EMILIA PARDO BAZÁN ▪ Escuela de Maestría Industrial APÓSTOL SANTIAGO de Santa Cruz



3.4 Sinais de identidade

3.4.1 Oferta educativa

No IES Urbano Lugo, dado o seu carácter de centro de educación secundaria, conviven a ESO, o Bacharelato e polo que se refire ós Ciclos de Formación Profesional se ofertan ciclos de tres familias: Electricidade e Electrónica, Instalación e mantemento e Informática de oficina, todos eles en réxime ordinario, a excepción do Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións e o de Mantemento electrónico, que se oferta na modalidade modular.

OFERTA DE ENSEÑANZAS 2022-23

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
<ul style="list-style-type: none"> E-Dixgal en 1º e 2º ESO Seccións bilingües: <ul style="list-style-type: none"> 1º ESO: Bioloxía e xeoloxía / Xeografía e historia 2º ESO: Xeografía e historia 3º ESO: Bioloxía e xeoloxía 	
BACHARELATO	
<ul style="list-style-type: none"> Ciencias Humanidades e ciencias sociais 	

CICLOS FORMATIVOS		
GRAO	DENOMINACIÓN	
BÁSICO	<ul style="list-style-type: none"> Electricidade e electrónica Informática de oficina 	
MEDIO	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento electromecánico Mantemento electromecánico DUAL (2º) Instalacións de telecomunicacións Instalacións eléctricas e automáticas DUAL (1º) 	MEM MEM DUAL ITC IEA DUAL
SUPERIOR	<ul style="list-style-type: none"> Automatización e robótica industrial Mantemento electrónico Sistemas de telecomunicacións e informáticos Sistemas electrotécnicos e automatizados 	ARI MEL STI SEA
MODULAR (Persoas adultas)	<ul style="list-style-type: none"> Instalacións de telecomunicacións Bloque A Instalacións de telecomunicacións Bloque B 	ZITC A ZITC A
	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento electrónico 	ZMEL



ESPECIALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Implementación de redes 5G 	5G
* Seccións bilingües en ARI e SEA nas materias de FOL e EEIE		
* Erasmus + en Ciclos Medios e superiores		

3.4.2 Itinerarios educativos da ESO e Bacharelato

ITINERARIOS EDUCATIVOS		
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		
MATERIAS XERAIS E ESPECÍFICAS		
1º LOMLOE	<ul style="list-style-type: none"> Bioloxía e xeoloxía Lingua castelá e Literatura Lingua galega e Literatura Primeira lingua estranxeira Segunda lingua estranxeira Proxecto competencial / relixión Matemáticas Educación Física Xeografía e Historia Educación Plástica, visual e audiovisual Tecnoloxía e dixitalización 	MATERIAS DE LIBRE DISPOSICIÓN Reforzo de Lingua galega Reforzo de Matemáticas
	2º LOMCE	<ul style="list-style-type: none"> Física e Química Lingua castelá e Literatura Lingua galega e Literatura Primeira lingua estranxeira Segunda lingua estranxeira Relixión ou Valores éticos Matemáticas Educación física Xeografía e historia Música Tecnoloxía
3º LOMLOE		<ul style="list-style-type: none"> Bioloxía e xeoloxía Física e química Matemáticas Lingua castelá e Literatura Lingua galega e Literatura Primeira lingua estranxeira Proxecto competencial ou Relixión Educación física Música Xeografía e historia Educación plástica, visual e audiovisual Educación en valores cívicos
	4º LOMCE	



	<ul style="list-style-type: none"> Xeografía e historia Educación plástica / Filosofía/ Francés Música 		
	OPCIÓN ENINANZAS ACADÉMICAS	OPCIÓN ENINANZAS APLICADAS	
	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas Cursaranse dúas entre: Bioloxía e xeoloxía ou Latín Física e química ou Economía 	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas Cursaranse dúas entre: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial Ciencias aplicadas á actividade profesional Tecnoloxía 	
BACHARELATO			
	MATERIAS COMÚNS		
	<ul style="list-style-type: none"> Educación física Lingua castelá e Literatura Lingua galega e Literatura Filosofía Primeira Lingua estranxeira Relixión / Reforzo de inglés (materia de libre disposición) 		
	TRONCAIS XERAIS E DE OPCIÓN		
	CIENCIAS	HUMANIDADES	CC. SOCIAIS
	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas I Cursaranse dúas entre: Bioloxía e Xeoloxía Debuxo Técnico Física e Química Tecnoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> Latín I Cursaranse dúas entre: Hª do Mundo Contemporáneo Economía Literatura Universal Grego 	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas aplicadas ás CCSS I Cursaranse dúas entre: Hª do Mundo Contemporáneo Economía Literatura Universal Grego
	OPTATIVA		
	Cursaranse unha entre: <ul style="list-style-type: none"> TIC I Anatomía aplicada Cultura científica Segunda Lingua estranxeira. Francés Cultura científica Literatura galega do século XX Materia troncal de modalidade non cursada 		
	MATERIAS COMÚNS		
	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Lingua e Literatura Galega Historia de España 		
	TRONCAIS XERAIS E DE OPCIÓN		
	CIENCIAS	HUMANIDADES	CC. SOCIAIS
	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas II Cursaranse dúas entre: Bioloxía Física Química Xeoloxía Debuxo Técnico 	<ul style="list-style-type: none"> Latín II Historia da Filosofía Cursaranse dúas entre: Historia da Arte Economía de Empresa Xeografía 	<ul style="list-style-type: none"> Matemáticas aplicadas ás CCSS II Historia da Filosofía Cursaranse dúas entre: Historia da Arte Economía de Empresa Xeografía
1º LOMLOE			
2º LOMCE			



MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Imaxe e Son ▪ TIC II ▪ Ciencias da Terra ▪ Relixión ▪ Educación física ▪ Reforzo de Inglés ▪ Psicoloxía ▪ Matria troncal non cursada 	

As materias dos itinerarios da ESO e Bacharelato, en especial dos cursos en que aínda non se implantou a normativa LOMLOE, adaptaranse a esta normativa segundo sexa preceptivo.

3.4.3 Organización do centro

ESTRUTURA ORGANIZATIVA			
ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO		ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consello Escolar ▪ Claustro de profesores: 72 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Directora: África B. López Souto ▪ Vicedirectora: Montserrat Miranda Vigo ▪ Xefe de estudos: José Carlos Aller Blanco ▪ Xefa de estudos persoas adultas: Begoña García Maneiro ▪ Secretaria: M^a Rosario Valiña Miñones 	
OUTROS ÓRGANOS UNIPERSOAIS	ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE		
	Departamentos	Outros	Órganos de participación do alumnado
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefes/as dos departamentos didácticos ▪ Tutores/as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamentos didácticos ▪ Departamento de Orientación ▪ Departamento de actividades complementarias e extraescolares 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comisión de Coordinación Pedagóxica ▪ Coordinador de FCT ▪ Coordinador de Proxectos Europeos ▪ Equipo de dinamización da lingua galega ▪ Equipo de Biblioteca escolar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xunta de Delegados/as ▪ Consello Escolar
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Órganos de participación de pais e nais

PERSOAL DOCENTE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nº DOCENTES: 72 ▪ PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO: 41 ▪ MESTRES DE EDUCACIÓN PRIMARIA: 1 ▪ PROFESORADO TÉCNICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL: 20 ▪ PROFESORADO CATEDRÁTICO: 9 ▪ PROFESORADO DE RELIXIÓN: 1

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Artes Plásticas ▪ Ciencias Naturais ▪ Economía



- Xeografía e Historia
- Educación Física
- Electricidade e Electrónica
- Filosofía
- Física e Química
- Formación e Orientación Laboral
- Francés
- Informática
- Inglés
- Instalación e mantemento
- Latín
- Lingua castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Matemáticas
- Música
- Tecnoloxía
- Relixión
- Orientación

PERSONAL NON DOCENTE

- 3 SUBALTERNOS/AS
- 2 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS
- 5 LIMPADORAS

3.4.4 Recursos e instalacións

O centro divídese en tres plantas, cunha superficie de 4.024, 940 e 871 metros cadrados respectivamente. Tamén hai que engadir a superficie do pavillón e das pistas deportivas coas que conta o centro nun edificio anexo. O centro conta coas seguintes instalacións.

INSTALACIÓNS

- Aulas (Todas dotadas con ordenador para o docente, pizarra dixital e canón retroproxeutor)
- Aulas-taller (con retroproxeutor e equipos informáticos para o docente e o alumnado)
- Talleres
- 2 aulas específicas de informática (con 20 ordenadores e conexión a internet)
- Laboratorios (Física e química e Ciencias)
- Aula de Música
- Aula de Debuxo
- Aula de Tecnoloxía
- Biblioteca
- Sala de profesorado
- Sala de titorías
- Departamento de Orientación
- Outros departamentos
- Departamento de Coordinación FCT e FP Dual
- Sala de xuntas
- Oficinas
- Despachos de dirección
- Conserxaría
- Pavillón de deportes
- Pistas polideportivas
- Cafetería

4. Concreción curricular

4.1 ASPECTOS XERAIS

4.1.1 VALORES, PRINCIPIOS E FINS

A escola, como institución de reprodución social, forma parte do proceso educativo polo que os adultos tratan de integrar aos discentes nos seus esquemas de valores, hábitos e actitudes, interiorizando as pautas e normas que rexen nas sociedades liberais. Pero ao mesmo tempo, a escola ten a posibilidade de se converter nun referente contra-hexemónico que dote ao alumnado das capacidades necesarias para ter opinións e criterios propios, por moi distintos que sexan aos imperantes.

Os principios básicos da Lei orgánica de educación pódense resumir en lograr:

- Calidade de educación para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.

4.1.1.1 Finalidades de cada etapa educativa

FINALIDADES DE CADA ETAPA EDUCATIVA
ESO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquiera os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.
BACHARELATO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobrigatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.
FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ademais dos fins e obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos contribuirán a que o alumnado adquiera ou complete as competencias do aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
FORMACIÓN PROFESIONAL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A Formación Profesional preparará ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitará a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.



4.1.1.2 Pluralismo e valores democráticos

PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS
<p>CONFESIONALIDADE</p> <p>O noso centro maníftase garante do principio de aconfesionalidade recollido na Constitución e polo tanto defínese como pluralista, tolerante e respectuoso con tódalas tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas que respecten e practiquen o respecto polos dereitos humanos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de solidariedade, tolerancia e respecto á liberdade de cada quen, á súa personalidade e a as súas conviccións e culturas. ▪ O centro garantirá a liberdade de expresión a tódolos membros da comunidade educativa, dentro dun marco democrático, e fomenta as actividades complementarias e extraescolares planificadas e autorizadas por quen corresponda. ▪ Rexeitase calquera tipo de discriminación por razón de nacemento, educación, raza, sexo ou relixión ▪ Respetarase o principio de igualdade de dereitos e deberes para tódolos membros da comunidade educativa, sexan alumnos, alumnas, profesorado, pais, nai ou persoal non docente
<p>DEMOCRATIZACIÓN</p> <p>Afondarase na democratización do Centro potenciando a participación activa de todos os membros que integran a comunidade educativa</p>
<p>COEDUCACIÓN</p> <p>No instituto practicarase unha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón de sexo e superadora de mitos e tabús. Isto supón, por una banda, unha actitude do profesorado tendente a superar condutas que incidan nos papeis tradicionais de home e muller, e por outra, utilizar unha metodoloxía didáctica que proporcione aos alumnos e alumnas imaxes diversificadas e non convencionais dun e outro sexo.</p>
<p>FORMACIÓN INTEGRAL</p> <p>A formación do alumnado non debe limitarse a metas estritamente académicas, senón converterse nun obxectivo que partindo da súa situación concreta, así como do seu entorno socio-cultural, aspire a conseguir un desenvolvemento persoal, global e integrador.</p>

4.1.1.3 Lingua

O marco normativo no que ao emprego da lingua se refire queda lexislado no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, “As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.

Tendo presente que a cultura dun pobo ten na súa lingua o vehículo de expresión propio e a manifestación máis evidente da súa riqueza e da súa diversidade, o centro asume o cumprimento do decreto 79/2010, coidando que na vía administrativa e nas relacións coa comunidade se fagan na lingua propia de Galicia, como medio activo de contribuír á súa normalización dentro da comunidade.

4.1.1.4 Modalidade de xestión institucional

O centro preconizará unha xestión participativa e democrática, real e efectiva, en tódolos estamentos que o compoñen, por medio dos seus organismos representativos, e favorecerá as relacións deste coas institucións do seu entorno. Esta xestión concretarase nas periódicas reunións establecidas para cada un dos órganos de goberno. E tamén vontade desta comunidade educativa impulsa as asociacións de alumnos e alumnas para fomentar o respecto ao pluralismo e aos valores democráticos

4.2 OBXECTIVOS XERAIS

Consonte as notas de identidade do centro, o instituto ten como obxectivos xerais:

- A. Contribuír ao desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas tanto no aspecto intelectual como no físico e humano, así como en todos os ámbitos: persoal, familiar, social, intelectual e profesional
- B. Capacitar academicamente ao alumnado para posibilitar a súa incorporación ao mundo laboral ou a estudos posteriores. Todas as etapas educativas impartidas no centro teñen unha dobre finalidade: a propedéutica (preparación para estudos posteriores) e a terminal (consecución dun título académico).
- C. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, tanto de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, exercicio físico e o deporte, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal; así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- D. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Adquirir unha conciencia cívica responsable
- E. Compensar as desigualdades sociais en canto ao acceso aos recursos educativos- culturais-formativos e fomentar as actividades de integración social por medio do aumento da oferta formativa, non só académica. O centro asume como obxectivo prioritario o papel de equilibrador de desigualdades sociais en canto ás posibilidades de acceso a cantas actividades académico-culturais lle sexa posible, xa que se considera a ensinanza integradora como un eixo clave das sociedades máis democraticamente evolucionadas.
- F. Valorar, respectar a diferenza de sexos, razas e culturas e fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles e a non discriminación das persoas con discapacidade
- G. Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá e coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, así como comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- H. O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenrolar a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- I. Adquirir unha preparación que permita utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- J. Procurar a proxección do centro cara ó exterior, e a súa relación con outras entidades.

4.3 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO

ESO

De acordo co DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 7, os obxectivos desta etapa (vinculados á adquisición das competencias clave) han de contribuír a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:



a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto

plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Neste centro asúmense os obxectivos xerais que para a Educación Secundaria que se establecen no mencionado Decreto e nos currículos e disposicións sobre as mesmas. As concrecións dos currículos de cada departamento recóllense en documentos independentes para cada un deles, incluíndo estes o tratamento de temas transversais. Non obstante, engadimos de acordo coas finalidades e principios establecidos anteriormente, os seguintes obxectivos e prioridades de actuación para esta etapa:

- A. Crear entre os nosos alumnos as bases de ensinanza e aprendizaxe sólidas, dotarlles dos coñecementos, instrumentos e valores necesarios para proseguir con éxito a súa formación académica e profesional, e poñerlles en disposición de inserirse na vida social de forma activa e responsable, todo isto con vistas a:
 - a. Lograr que o alumnado que comeza os seus estudos no instituto acaben a ESO e obteñan o título de graduado en educación secundaria, reducindo a porcentaxe do que abandona prematuramente os estudos.
 - b. Proporcionar ao alumnado con risco de abandono dos estudos antes de finalizar a ESO a formación e orientación necesaria para que, cos recursos dispoñibles, o labor tutorial e a orientación psicopedagóxica, poidan acceder a outros modos de escolarización.
 - c. Conseguir que a maior parte do noso alumnado, estea en condicións de cursar con éxito e finalizar os estudos de bacharelato no noso centro ou unha formación profesional de grao medio.
- B. Desenvolver e fomentar entre o alumnado, a través de todos os medios ao alcance do instituto, particularmente a práctica docente, a acción tutorial e a acción directiva, as actitudes e os valores do esforzo, o traballo e o estudo por un lado, a disciplina e o respecto ás normas de convivencia, por outro.
- C. Potenciar e levar a cabo aquelas actividades complementarias e extraescolares que amplíen e enriquezan a formación académica do alumnado, poñéndolle en contacto directo coas manifestacións culturais e artísticas máis relevantes.
- D. Fomentar cos medios ao alcance do centro e polas vías propias da vida escolar a participación e a colaboración dos pais en todo aquilo que contribúa á instrución e formación dos seus fillos e fillas. É decisivo e fundamental o papel da familia na consecución da maior parte dos obxectivos expostos.

BACHARELATO

De acordo co DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 7, os obxectivos desta etapa (vinculados á adquisición das competencias clave) han de contribuír a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.



b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Neste centro asúmense os obxectivos xerais que para o Bacharelato se establecen no mencionado Decreto e nos currículos e disposicións sobre os mesmos. As concrecións dos currículos de cada departamento recóllense



en documentos independentes para cada un deles, incluíndo estes o tratamento de temas transversais. Non obstante, engadimos de acordo coas finalidades e principios establecidos anteriormente, os seguintes obxectivos e prioridades de actuación para esta etapa:

- A. Favorecer e potenciar a autoformación.
- B. Favorecer o acceso permanente á unha información actual e de calidade.
- C. Incrementar as posibilidades de formación continua e para a vida actual e futura.

CICLOS FORMATIVOS

A normativa de referencia é o DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

No artigo 2 deste decreto indícase a **finalidade da formación profesional** é:

- A. A formación profesional comprende un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.
- B. No ámbito do sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida, así como contribuir ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.

Ademais, na preparación das persoas cobrará singular importancia a transmisión de actitudes e normas para un desempeño profesional respectuoso co medio, cumpridor coa normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, e fortalecedor da calidade e da mellora continua da súa actividade, e do espírito emprendedor.

Así mesmo, dirixirase a conseguir o desenvolvemento integral da persoa á marxe dos estereotipos e dos papeis en función do sexo, o rexeitamento de toda forma de discriminación e a garantía dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais.

No artigo 3 sinálase cal é o **obxecto das ensinanzas de formación profesional**.

1. As ensinanzas de formación profesional teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

- A. Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- B. Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
- C. Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- D. Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- E. Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.



- F. Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- G. Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- H. Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- I. Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.
- J. Así mesmo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Ademais dos fins o os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, contribuirán, ademais, a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

Obxectivos que perseguimos:

- A. A inserción laboral do alumnado.
- B. A recuperación para o sistema educativo regrado daqueles alumnos que amosen capacidade e interese na continuidade académica.
- C. A formación na responsabilidade para o traballo como medio para lograr a inserción laboral ou a madurez suficiente para a continuidade académica
- D. A formación dunha imaxe persoal satisfactoria e adecuada ás posibilidades de desenvolvemento persoal de cada alumno.
- E. A valoración do traballo e da formación como os mellores bens para o desenvolvemento de cada un deles na vida.

4.4 CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

Por competencias clave enténdese as desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

Son, deste xeito, unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que:

- Os coñecementos compóñense de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha área ou tema concretos.
- As capacidades defínense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados.

- As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Coas materias do currículo preténdese que todas as alumnas e os alumnos alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias, xa que cada materia, a través dos seus obxectivos, se relaciona con un ou varios dos descritores operativos que definen cada competencia clave. Deste modo, cada materia, área ou ámbito contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias alcanzarase como consecuencia do traballo en ditas materias, áreas ou ámbitos.

Neste proxecto non estableceremos categorías ou rangos entre as distintas competencias, xa que todas se consideran igualmente importantes para o logro final da consecución do perfil de saída en cata etapa. Tampouco procederemos a poñer límites diferenciados entre elas, senón que se solapan e entrelazan entre si. Teremos que ter presente que a adquisición de cada competencia ten un carácter necesariamente secuencial e progresivo, e será coa adquisición de cada descritor operativo como concretaremos o progreso esperado no logro de cada unha delas nas distintas etapas.

Os obxectivos de cada materia, área ou ámbito son os desempeños que o alumnado deberá poder desenvolver a través do traballo das situacións de aprendizaxe nas que tratamos cada un dos contidos definidos en cada currículo. Son, deste xeito, o elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado ao remate da etapa, e por outra, os contidos e criterios de avaliación das materias, áreas ou ámbitos. Polo tanto, os obxectivos evidencian a relación entre as competencias clave e os seus descritores operativos para cada materia, área ou ámbito.

O traballo nas materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias clave débese complementar con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros, dos departamentos didácticos e das aulas, a participación do alumnado, as normas de organización e funcionamento, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, á análise do contorno físico, á creación, á convivencia e á cidadanía ou á alfabetización dixital.

Cabe destacar a importancia de velar por unha elaboración axeitada das programacións didácticas e polo desenvolvemento das mesmas, desde a dirección do centro e sobre todo desde os propios departamentos e así favorecer a boa planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se vai desenvolver na aula. Prestarase a debida atención ás metodoloxías e recursos necesarios para o desenvolvemento destes instrumentos de planificación e promoverase a reflexión sobre a práctica docente.

Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. A planificación das actividades complementarias e extraescolares reforza e facilita o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- 1) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- 2) Competencia plurilingüe (CP).
- 3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).



- 4) Competencia dixital (CD).
- 5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- 6) Competencia cidadá (CC).
- 7) Competencia emprendedora (CE).
- 8) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

4.5 CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No desenvolvemento de moitos dos elementos transversais os valores atopan unha maneira eminentemente práctica de levarse a cabo e de traballarse nas actividades da aula. Varios son contidos que fan referencia ao mundo dos valores e das actitudes e inciden de modo especial na educación moral do alumnado e nas súas relacións consigo mesmo, cos demais e co entorno . Por todo isto, o seu tratamento ha de estar ben planificado, desde a programación didáctica de cada materia, ámbito ou módulo, ata a programación xeral anual. Neste proxecto establecemos os seguintes criterios para incorporar estes elementos transversais:

- Os elementos transversais orixínanse de problemas e necesidades que se van detectando na sociedade, e nas propias relacións que se establecen no ámbito escolar, familiar, etc, e non se refiren a ningunha área en concreto. Fan referencia á realidade na que nos atopamos, de modo que haberá que ter presente os elementos cun tratamento máis urxente na nosa comunidade escolar.
- Os seguintes elementos transversais terán que formar parte das actividades plantexadas dentro de todas as materias, ámbitos e módulos: a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Consecuentemente o seu tratamento terá que estar presente nas programacións de todas as materias e módulos.
- Desde o propio centro garantirase que, de xeito transversal, se traballen os elementos transversais previstos nos diferentes decretos e deste modo se fomente a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
- O tratamento destes elementos pretende unha educación integral da persoa nos seus distintos ámbitos da personalidade.
- Implicarase a todos os membros da comunidade educativa no seu tratamento.
- Promoverase que sexan traballados desde a interdisciplinariedade.



- Co tratamento destes elementos favorecemos que o currículo escolar se achegue á vida, ao medio, ao entorno, introducíndose en problemas, necesidades e realidades cotiáns, polo que se favorecerá que se leven a cabo reflexións e compromisos activos e acordos á realidade.
- O seu tratamento provoca cambios de conduta persoal, social e transformacións no entorno, polo que haberá que asumir estes cambios como necesarios.
- Promoveranse e realizaranse actividades complementarias que os promovan de forma específica.

4.6 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA

A opción didáctica que defendemos fainos optar por unha liña metodolóxica variada pero sempre dentro dos métodos interactivos, é dicir, naqueles que se fundamentan no predominio da actividade do alumnado que reelabora os coñecementos por medio da interacción cos outros compañeiros e compañeiras e coa persoa docente. Polo tanto prevalecerán estratexias metodolóxicas cun enfoque activo e globalizador.

O centro intentará, como liña xeral común, desenvolver unha educación en valores e unha formación integral para o alumnado do centro, traballando cara ao desenvolvemento do espírito crítico e reflexivo, a capacidade de discusión e de decisión e unha actitude participativa, dentro da diversidade de ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais, dando importancia tanto á formación humana como á adquisición de técnicas e contidos básicos, preparándoos para a convivencia e, en fin, dando tanta importancia á formación humana como á preparación académica que lles permita adquirir contidos, técnicas e estratexias cara a completar a súa formación no futuro. A actividade educativa e docente terá, por tanto, como obxectivo desenvolver no alumnado o afán de coñecemento, a capacidade de análise da realidade, a busca de informacións obxectivas, o espírito crítico e reflexivo e a capacidade de decisión

Estimularase a investigación, a participación activa na aprendizaxe, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica, de cara a unha utilización práctica, evitando a desconexión entre esta e a teoría. Fortalecerase a aprendizaxe interdisciplinar en todos os contidos que o currículo permita, procurando que os departamentos se coordinen para este fin e para organizar actividades extraescolares e complementarias.

Promoveranse hábitos de respecto, orde e disciplina, necesarios para realizar este labor, e crear un ambiente óptimo para o estudo e a convivencia. O principio do esforzo, que resulta indispensable para lograr unha educación de calidade, débese aplicar a todos os membros da comunidade educativa. Cada un deles terá que realizar unha contribución específica.

Para unha adecuada integración do alumnado ao mundo cada día máis complexo e competitivo das novas tecnoloxías, farase un esforzo específico na adecuación dos medios dixitais dispoñibles e no aumento das actividades que capaciten ao alumnado para o seu uso.

A colaboración na aprendizaxe, a axuda mutua e a participación en traballos e actividades comúns, fomentarán unha actitude cooperativa e solidaria fronte ao exceso de competitividade persoal.

- Nos Ciclos Formativos:

- A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica,



de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional.

- B. As ensinanzas para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.
 - C. Nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso.
- Nas etapas de ESO e Bacharelato promoveranse unha metodoloxía propia dun aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

Nos programas de diversificación curricular para aquel alumnado que presente dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, e coa finalidade de favorecer a súa integración no centro e promover a adquisición dos obxectivos e das competencias da etapa, promoverase unha metodoloxía adaptada ás súas necesidades e intereses y específica, que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias clave establecidas no perfil de saída. Fomentaranse as metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Con carácter xeral en todas as ensinanzas:

Cada departamento didáctico establecerá na súa programación as concrecións metodolóxicas propias de cada materia ou módulo, indicando as especificidades de cada nivel se o houber, así como os materiais e recursos didácticos necesarios.

No caso de haber Adaptacións Curriculares os departamentos afectados indicarán para cada alumnado implicado a metodoloxía de forma individualizada en cada documento de ACI que houber.

Igualmente corresponde a cada departamento organizar as medidas de atención á diversidade, a atención ao alumnado coa materia pendente de superar a través dos plans de reforzo, e os plans específicos personalizados para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Nas programacións citadas teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL:

- A. A utilización dunha metodoloxía actual e adecuada ás características propias de cada materia.
- B. A utilización de métodos absolutamente respectuosos coas características individuais de cada alumno/a, dado que a metodoloxía é en si mesma a mellor fonte de transmisión de valores
- C. A formación nos métodos de traballo máis eficaces propios de cada disciplina por medio da utilización deses métodos nas clases, coa finalidade de dotar ó alumno de instrumentos para a propia autoformación nun futuro inmediato.
- D. A maior utilización posible das TIC en cada materia ou módulo segundo o indicado na introdución.
- E. A toma de conciencia de que a metodoloxía é o mellor instrumento para educación en valores; de que é, inevitablemente, a mellor maneira de transmitir os valores do profesorado aínda de forma non consciente por parte deste. Este feito obríganos a todos os profesores a facer unha opción explícita da metodoloxía a empregar nas clases e en todas as relacións persoais co alumnado.

4.7 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Neste proxecto establecemos como criterios xerais sobre os materiais e recursos didácticos os seguintes:

- Atender ás necesidades e demandas sinaladas polos departamentos didácticos, que han de ser acordes coas materias ou módulos que imparten.
- Atender á diversidade do alumnado, o cal implica que se dispoña de materiais e recursos adaptados á mesma. Polo tanto, procurarase a variedade do material a fin de que sirva para desenvolver as capacidades intelectuais, físicas e afectivas do alumnado.
- Procurar o equilibrio entre a diversidade de departamentos e materias e módulos. Todos os departamentos teñen dereito a adquirir materiais, tendo en conta os recursos do centro (incluídos os obtidos da participación en proxectos, plans e programas de carácter voluntario).
- Favorecer a modernización de métodos de ensinanza, tendo en conta os avances sociais e tecnolóxicos, sempre e cando redunden na mellora da calidade educativa do alumnado.
- Ter en conta a capacidade económica do centro.

4.8 CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

En relación a materias e ámbitos da ESO e Bacharelato:

- Ofreceranse as materias/módulos/ámbitos obrigatorios segundo a normativa vixente.
- Procurarase completar o conxunto de materias ofertadas de maneira que, na oferta global de cada curso (en especial no Bacharelato) estean representadas todas as áreas de coñecemento (Ciencias, Humanidades e Ciencias sociais).
- Procurarase dar continuidade ás materias que se ofertan ao longo de toda a etapa para así favorecer que o alumnado poda profundar verdadeiramente nas materias do seu interese.
- Número alumnado do centro con preferencias para un ou outro itinerario e optativa.
- Capacidade do centro para ofrecer itinerarios e optativas tendo en conta os recursos humanos (profesorado), instalacións, recursos ofrecidos pola Consellería e outras institucións etc.

En relación a Ciclos formativos:

- Priorizaranse os ciclos relacionados coas familias profesionais que xa se ofertan no centro.
- Darase preferencia a aqueles ciclos que se adapten á capacidade do centro en canto ás súas instalacións e equipamento.
- Os cursos e ciclos ofertados haberán de poder impartirse cos recursos económicos do centro e/ou recursos da Consellería de Educación ou outras institucións.



- Para poder ofertarse un cursos haberá que ter en conta os recursos humanos de que dispoñemos no centro (número de profesorado, capacidades e tipos).

4.9 CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

De acordo a NOF do centro, no IES Urbano Lugo consideramos que nun sistema educativo de calidade as actividades lectivas deben complementarse con outras actividades fóra da aula que desenrolexen aspectos non incluídos nos currículos. Terán carácter de complementarias aquelas actividades que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- A comezo de curso a vicedirección pasará aos xefes e xefas de departamento unha ficha para que planifiquen as actividades, as iniciativas e intereses dos docentes. Nesta ficha detallarase o tipo de actividade, obxectivos, curso ao que vai dirixida. Á hora de seleccionar as actividades terase en conta a finalidade educativa da actividade e a experiencia das actividades realizadas en cursos anteriores. Esta ficha entregárase cumprimentada antes do 30 de setembro para incluíla na Programación Xeral do Centro e pasar pola aprobación do Consello Escolar.
- Soamente autorizaranse actividades con obxectivos educativos claros e aprobadas polo Consello Escolar. Ademais procurarase que haxa un equilibrio en canto ao número de actividades nos distintos cursos e niveis.
- As saídas concentraranse entre o primeiro e segundo trimestre, e finalizarán o día 30 de maio, salvo que o calendario da actividade o impida.
- En ningún momento as actividades terán carácter discriminatorio, nin se poderá negar a participación a ningún.
- O centro intentará acollerse ás convocatorias de axudas económicas de calquera tipo que poidan gardar relación con estas actividades. Os departamentos ou profesores/as responsables da organización das actividades buscarán medios de financiamento para levalas a cabo.
- De cada actividade farase un presuposto previo para estudar a súa viabilidade.
- Toda actividade contará cunha persoa responsable do Centro, que poderá solicitar a colaboración doutras persoas acompañantes que serán responsables desde o inicio ata o final da mesma.
- A persoa responsable da actividade deberá controlar a asistencia a ela do alumnado inscrito. Os alumnos e alumnas que non participen nunha actividade complementaria xustificarán previamente a súa ausencia.
- A ratio das saídas non poderá superar máis de 20 alumnos/as por profesor/a. Naquelas actividades con maior risco para o alumnado o Equipo Directivo poderá autorizar diminuír a ratio.



- O profesorado que propón a actividade e o profesorado asistente deixará sempre algunha actividade programada para aqueles grupos de alumnos e alumnas que non van a recibir clase ese día da actividade por ausencia do docente, así como para o alumnado que non foi autorizado a asistir á actividade.
- No caso de querer levar a cabo unha actividade que non estivera programada desde principio de curso e polo tanto non aprobada polo Consello Escolar, poderá organizarse sempre e cando pase a aprobación previa do Consello ou no seu defecto da Comisión Permanente do Consello Escolar.
- O Instituto non se fai responsable doutras actividades que poidan organizar pola súa conta os alumnos e alumnas.

NORMAS SOBRE A CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Todos os alumnos e alumnas deberán entregar, no momento de formalizar a matrícula, a autorización familiar para participar nas actividades escolares de carácter complementario e extraescolar, debidamente cumprimentada e asinada. Esta autorización é extensible para todas as actividades que se organicen durante o curso. No caso das actividades de carácter extraescolar ou aquelas que, polas súas características particulares, a dirección considere que se faga unha autorización específica para á mesma, o profesorado responsable encargarse de proporcionar a autorización ao grupo para que todos os alumnos e alumnas a entreguen debidamente cumprimentada e asinada polos pais/nais/titores legais e así poder participar na actividade.
- Durante o transcurso das actividades escolares, complementarias e extraescolares, o profesorado responsable non se poderá ausentar das mesmas, salvo por causa xustificada.
- O alumnado participante nas actividades extraescolares deben ser como mínimo o 80% da clase. Se a porcentaxe é inferior a actividade poderase levar a cabo sempre que o profesorado responsable e a dirección o considere oportuno.
- O alumnado participante nas actividades deberán axustarse ás normas e indicacións da persoa responsable. En caso contrario poderán ser sancionados por Xefatura de Estudos, e valorarase a súa participación en seguintes actividades.
- As actividades complementarias serán avaliadas para o alumnado.
- No caso das actividades extraescolares, nos cursos de ESO e Bacharelato, enviarase aos pais e nais, os días previos á celebración da mesma e a través dos seus fillos e fillas, unha circular informándolles das características da actividade a realizar ou ben un aviso a través da aplicación ABALAR. No caso dos cursos de primeiro ciclo da ESO tamén se mandará esta circular cando vaian a realizar as actividades complementarias.

REQUISITOS DO ALUMNADO PARA PODER PARTICIPAR NUNHA ACTIVIDADE

- Non ter amoestacións de ningún tipo especialmente por mal comportamento. Os responsables da actividade, xunto coa Dirección estudarán os casos de alumnos e alumnas amoestadas para valorar a posibilidade da súa participación na saída.
- Contar coa autorización paterna ou materna ou, de ser o caso, dos seus responsables legais.
- Aboar en tempo e forma os importes que fixe a organización ou, no seu caso, a Dirección do centro.
- Comprometerse a atender as indicacións de todas as persoas responsables da actividade, e respectar tanto a estas coma ao resto dos compañeiros e compañeiras.

VIAXES DE MÁIS DUNHA XORNADA

- Para cada viaxe deste tipo o profesorado acompañante e a dirección do centro quedan eximidos das responsabilidades que se deriven do comportamento anómalo do alumnado.
- Con anterioridade a este tipo de viaxes farase, polo menos, unha reunión informativa cos pais, nais ou titores legais ou no seu defecto entregarase ao alumnado unha información detallada do plan de viaxe.
- Cada viaxe terá un plan cos obxectivos, actividades e temporalización.
- Nestas viaxes as familias faranse cargo dos gastos dos alumnos e alumnas e o Instituto farao coas dietas do profesorado acompañante, dentro das súas posibilidades. Os departamentos ou docentes responsables buscarán como financiar o resto dos gastos que poidan xurdir (traslados, seguros, entradas a museos...).

PROTOCOLOS DE SEGURIDADE NAS ACTIVIDADES

A) Transporte dos participantes. Organización do autocar.

- O profesor ou profesora responsable da actividade será o responsable do bus, ou ben poderá nomear para isto a outro compañeiro ou compañeira.
- A persoa responsable do bus encargarse de:
 - Identificar o bus.
 - Acordar co chofer sobre o camiño a seguir (estradas, paradas, horarios, etc).
 - Que se pase lista no bus.
 - Manter as normas do bus (non fumar, non comer, etc).
 - Revisar o bus ao acabar a expedición.
 - Que se conte ao alumnado despois de cada parada e antes de que o bus arranque.
- No caso de facerse o transporte noutro medio procederase coa mesmas pautas de control.

B) Organización en rutas de sendeirismo ou andainas por estradas.

- Nas andainas e rutas sempre irá un docente na cabeza do grupo e outro na cola.
- Normas do regulamento de tráfico referidas aos peóns:
 - Os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicable; neste caso poderán facelo pola beiravía ou no seu defecto pola calzada.
 - Todo grupo de peóns dirixido por unha persoa ou que forme un cortexo poderá circular pola calzada ou pola beiravía, aínda que haxa zona peonil e sempre que se adopten as debidas precaucións.
 - Todo grupo de peóns dirixido por unha persoa ou que forme un cortexo deberán circular pola dereita e terán que obedecer as sinais dirixidas aos condutores dos vehículos.



4.10 CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os criterios han de adaptarse ao indicado na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/03/2022), e sobre todo, a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No artigo 51 desta última Orde indícanse os elementos que han de seguir estes plans de reforzo.

No centro ofrécese un modelo de ficha para a realización do plan de reforzo.

Os criterios para a elaboración destes plans de reforzo son:

- A adecuación ás características (persoais, de historial académico e persoal) de cada alumno/a.
- A adecuación ás características ou tipo de materia ou módulo a recuperar.

4.11 CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Os criterios han de adaptarse ao indicado na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No artigo 50 desta última Orde indícanse os elementos que han de seguir estes plans de reforzo.

No centro ofrécese un modelo de ficha para a realización do plan de reforzo.

Os criterios para a elaboración destes plans de reforzo son:

- A adecuación ás características (persoais, de historial académico e persoal) de cada alumno/a.
- A adecuación ás características ou tipo do curso a superar.
- A adecuación ao tipo de ensinanza co que o alumno/a se considere adecuado para proseguir o itinerario formativo do alumno/a.

4.12 CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

4.12.1 ESO e Bacharelato

Atenderase á normativa ao respecto, A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de



Galicia (DOG 11/02/2022), de acordo co mencionado no Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o bacharelato e a formación Profesional (BOE 17/11/2021) .

Educación Secundaria Obrigatoria – Promoción e titulación

Os criterios de promoción na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias (artigo 8). Ademais, no caso de ter máis de dúas suspensas, a norma establece catro criterios que se teñen que dar simultaneamente:

- 1) Que a media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- 3) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- 4) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Os criterios de titulación na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións:

- 1) Que a media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o adquirise as competencias establecidas.
- 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o alcanzase os obxectivos da etapa.

Bacharelato – Promoción e titulación

Os criterios de promoción de primeiro a segundo establece que esta se producirá cando supere todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo (artigo 14). Para estes efectos, só se computarán as materias que como mínimo a alumna/o deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

Os criterios de titulación de Bacharelato son ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato (artigo 15). Ademais, e de forma excepcional, poderá obter o título de bacharelato o alumnado que teña todas as materias superadas agás unha, e se cumpran simultaneamente os seguintes catro criterios:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna/o alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna/o na materia.
- c) Que a alumna/o se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.



- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

4.12.2 Criterios de titulación para Ciclos Formativos

Segundo instrúe a normativa ao respecto (o artigo 4 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial):

1. Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.
2. Os títulos de técnico e técnico superior teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio do Estado; acreditan as cualificacións profesionais, as unidades de competencia incluídas no título e a formación que conteñen.
3. A superación dun ciclo formativo de grao medio dará dereito á obtención do título de técnico que corresponda. A superación dun ciclo formativo de grao superior dará dereito á obtención do título de técnico superior correspondente.

4.12.3 Criterios de titulación Formación Profesional Básica

Tendo en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia a superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (artigo 11).

Segundo o Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos indica que o alumno ou a alumna que supere un ciclo de formación profesional básica obterá o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas. (artigo 26).

4.13 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

Matrícula de honra na ESO e no Bacharelato

Os criterios de matrícula de honra da ESO e Bacharelato están recollidos no artigo 12 para a ESO e no artigo 18 para o bacharelato da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).



Na sesión de avaliación final de 4º de ESO/2º Bacharelato, cada equipo docente poderá propoñer, de entre o alumnado cuxa cualificación global de 4º ESO/ 2ºBACH sexa 9 ou superior, a quen estime que merecen a mención de *Matrícula de Honra*. Dita proposta será reflectida polo titor/a na acta da sesión de avaliación correspondente.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

A devandita mención poderá concederse, como máximo a un número de alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no 4º ESO/2º Bach. En todo caso cando o número de alumnado matriculado en 4º ESO/2º Bach sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Se, unha vez realizadas as avaliacións finais de todos os grupos de 4º de ESO/2º Bacharelato, o número de candidaturas propostas por todos os equipos docentes fose superior ao de matrículas que o Centro pode conceder, a Xefatura de Estudos convocará, e a Directora presidirá unha reunión da Comisión para Matrículas de Honra, formada pola Dirección, a Xefatura de Estudos e as persoas titoras dos grupos de 4º de ESO/2º Bacharelato para decidir, de acordo cos criterios que se desenvolven no punto 5, a que candidatos ou candidatas das propostas polos equipos docentes se lles concede a mención de *Matrículas de Honra*. Desta reunión levantarase acta coa firma de todos os presentes e a Xefatura de Estudos comunicará a todo o profesorado de 4º ESO/2º Bacharelato a decisión tomada

Se, unha vez realizadas as avaliacións finais de todos os grupos de 4º de ESO/2º Bacharelato, o número de candidaturas propostas por todos os equipos docentes fose superior ao de matrículas que o Centro pode conceder, os criterios para a concesión das devanditas mencións ao alumnado son os seguintes, pola orde que se establece a continuación:

- a) Maior nota media en 4º ESO/2º Bacharelato, considerando ata a centésima.
- b) Maior nota media na ESO/Bacharelato, considerando ata a centésima.
- c) Maior número de cualificacións con 10 en 4º ESO/2º Bacharelato.
- d) Maior número de cualificacións con 10 en toda a etapa ESO/Bacharelato.
- e) Decisión da Comisión para Matrículas de Honra, por maioría simple e atendendo a criterios de rendemento académico e competencial.

Matrícula de honra nos Ciclo formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que obteña unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado título profesional de formación profesional no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no grupo sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. No caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder a matrícula de honra nun título profesional sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se pode conceder segundo o criterio establecido neste parágrafo, a concesión realizarase coa nota media do título, ordenado de maior a menor nota. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño, logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.



4.14 CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS, E MODELO DE PROGRAMACIÓN E DE RESUMO PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS

Os criterios de avaliación das materias son o referente para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e de consecución dos obxectivos. Temos como referencia o establecido na normativa:

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022)
- Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o bacharelato e a formación Profesional (BOE 17/11/2021)
- ESO e BACH: Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Formación Profesional: Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Os procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación de cada materia ou módulo estarán indicados nas programacións didácticas de cada departamento.

Previamente á sesión de avaliación todo o persoal docente deberá ter pasadas as súas cualificacións ao programa XADE para que poidan ser examinadas polo titor ou titora previamente á sesión para preparar mellor a mesma. Será a Xefatura de Estudos a que marque en cada caso a data e hora límite para introducir as notas na aplicación informática.

A sesión de avaliación será convocada pola Xefatura de Estudos, presidida polo titor/a, e contará coa asistencia de todo o Equipo Docente que imparta clase no grupo e da persoa responsable do Departamento de Orientación. Queda ao criterio unánime da Xefatura de Estudos e titor aprazar a sesión de avaliación pola non asistencia dalgún ou dalgúns docentes.

Se despois dalgunha avaliación final, ordinaria ou extraordinaria, houberse algunha modificación na cualificación dalgún alumno/a por erro, reclamación, ou reconsideración dalgún profesor ou profesora, a xefatura de estudos convocará de novo ao equipo docente se despois de notificarlle esta circunstancia ao resto do profesorado do mesmo, algún deles desexase que se reconsidere a situación do alumno/a.

A sesión de avaliación estará encamiñada ó análise do conxunto do grupo, de casos individuais, e de toma de decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do grupo e de cada alumno en particular.

Os criterios xerais sobre a avaliación:

- A avaliación será continua polo que implica un seguimento das adquisicións do alumnado co fin de detectar dificultades no momento en que se producen e adoptar as medidas necesarias.
- Terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
- Perda do dereito a avaliación continua: Nos ciclos formativos a perda da avaliación continua ven regulada na normativa.

As programación dos Ciclos Formativos cinxiranse ao estipulado na normativa a seguindo as pautas dos modelos de programacións da Consellería.

As programacións das materias dos cursos LOMCE dos departamentos da ESO e do Bacharelato seguirán unha estrutura na que se definirá:

1. Introducción e contextualización
2. Estrutura e composición do departamento
3. Elementos prescriptivos do currículo
4. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento da materia, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha
5. Unidades didácticas
6. Metodoloxía didáctica
 - 6.1 Estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe
 - 6.2 Estratexias para a adquisición das competencias clave
 - 6.3 Materiais e recursos didácticos
7. Elementos que garanten unha avaliación obxectiva
8. Medidas de atención á diversidade
9. Plan de recuperación das materias pendentes
10. Elementos transversais
11. Actividades complementarias e extraescolares
12. Dotación e xestión económica
13. Seguimento e avaliación da programación

As programacións das materias dos cursos LOMLOE dos departamentos da ESO e do Bacharelato seguirán a estrutura definida na aplicación PROENS.



4.15 CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

O centro leva a cabo todos os plans e programas que son obrigatorios pola normativa vixente. Os máis destacados son os seguintes:

PLANS E PROGRAMAS OBRIGATORIOS POR LEI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLAN DE CONVIVENCIA ▪ PLAN DE IGUALDADE ▪ PROXECTO LINGÜÍSTICO ▪ PROXECTO LECTOR ▪ PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC ▪ PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ▪ PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

Así mesmo, o centro participa en numerosos plans e proxectos de carácter voluntario convocados por distintas entidades da Xunta de Galicia, fundamentalmente da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades. Os principais son:

- Programas educativos: Proxecta, Seccións bilingües, Programas de éxito educativo (Club de ciencia, Contratos programa Inclúe e Innova, Acreditación lingüística, Seccións bilingües, Edu exchanges, E-Dixgal, PROA +...)
- Erasmus +
- Aula de emprendemento
- PFFP (Plan de Formación Permanente do Profesorado)
- EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega)
- PFFP (Proxectos de Formación do profesorado de Formación profesional)
- PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), Club de lectura, Voluntariado da biblioteca

Ademais, o centro participa en proxectos propios (como o Club de cine, Semana cultural etc) e doutras institucións como Concello, Universidades, ONG etc.

Os criterios xerais para a participación en Proxectos, plans e programas voluntarios son:

- Demanda e interese por parte do profesorado e demais sectores da comunidade educativa para participar en plans, programas. Procurarase que haxa acordo co profesorado para participar voluntariamente e que este asuma a responsabilidade da xestión e coordinación do mesmo co apoio do equipo directivo cando sexa preciso.
- Capacidade de recursos económicos e humanos do centro para xestionar ditos proxectos, plans e programas.
- Adecuación dos proxectos, plans e programas ao PEC, e en concreto ás ensinanzas ofertadas polo centro. Valorarase o interese de cara á contribución ao logro de obxectivos, competencias clave e dos elementos transversais da aprendizaxe do alumnado.
- Adecuación aos obxectivos do centro, en especial ao obxectivo da busca da mellora da calidade educativa.



4.16 PROCESO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento. Neste proceso de avaliación é fundamental o labor da Comisión de Coordinación Pedagóxica e dos diferentes departamentos didácticos.

Os departamentos didácticos velarán polo desenvolvemento das programacións didácticas e establecerán, a través das programacións didácticas os indicadores e instrumentos que considere máis oportunos para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente. Polo menos unha vez ao mes, as reunións dos departamentos terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias. A persoa que exerza a xefatura de departamento levantará acta dos acordos adoptados en todas as reunións. No caso dos departamentos unipersoais, o xefe ou xefa de departamento recollerá nun informe mensual a avaliación do desenvolvemento da programación didáctica e as modificacións adoptadas, se é o caso.

O profesorado de cada materia, ámbito ou módulo deixará constancia, a través das aplicacións Proens e Programacións, na información de *Seguimento* das programacións didácticas das observacións pertinentes e as propostas xerais de mellora. Esta información será recollida na memoria anual de cada departamento.

Os proxectos curriculares serán avaliados anualmente polo claustro de profesorado. Os resultados da avaliación faranse constar nun informe que se incluírá na memoria anual do centro, e servirán de elemento referencial para a modificación do proxecto curricular do proceso de ensinanza e da práctica docente naqueles aspectos que se amosasen pouco axeitados ás características dos alumnos e das alumnas, e coas propostas de mellora que así se estimen oportunas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica velará polo cumprimento e avaliación do proxecto curricular. Trimestralmente dará conta da análise de resultados de cada un dos grupos nas diferentes ensinanzas e no mes de setembro, á vista da memoria anual do centro, e antes do inicio das actividades lectivas, establecerá un calendario de actuacións para a análise dos proxectos curriculares de etapa e para a inclusión neles das posibles modificacións derivadas da citada avaliación. As modificacións que se acorden incluíranse para o curso seguinte nas programacións das materias, ámbitos e módulos dos distintos departamentos.

5. Organización do centro

PLAN DE CONVIVENCIA

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO